

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día trinta de xuño de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión as concelleiras do grupo político do PSdeG-PSOE dona María Guadalupe Pombo Carril e dona Susana Amor Fernández e o concelleiro do grupo político do BNG, don Gonzalo Méndez Mosquera.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Sonia Corral Corral e dá fe do acto o secretario xeral accidental, don Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS REALIZADAS OS DÍAS 31 DE MARZO DE 2022 E 19 DE MAIO DE 2022.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións de datas 31 de marzo e 19 de maio de 2022, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións de datas 31 de marzo e 19 de maio de 2022, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións de datas 31 de marzo e 19 de maio de 2022.

2. PROPOSTA SOBRE ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE CULLEREDO

A Presidencia somete a debate e votación do pleno a proposta da sra. alcaldesa en funcións, de data 23 de xuño do ano 2022 (código de documento USG16I024B), ditaminada favorablemente polo Comisión Informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión de data 23 de xuño do ano 2022 que transcrita di:

“PROPOSTA

Por resolución da Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2022 acordouse iniciar o procedemento para a elección de xuíz de paz titular no municipio de Culleredo, aprobar as bases e a convocatoria pública para a súa elección co fin de que as persoas interesadas puideran presentar solicitudes durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

No Boletín Oficial da Provincia de 26 de xaneiro de 2022 publicáronse as bases e a convocatoria .

No prazo de presentación de solicitudes, presentáronse as seguintes:

- Dona Tania Bernedo Loureda (entrada número 2022/1026, de data 02/02/2022)
- Don Carlos Daniel Irigoyen Pampin (entrada número 2022/1188, de data 07/02/2022)

Considerando o disposto nos artigos 99 a 103 da Lei orgánica 6/1985, do Poder xudicial e as prescricións do artigo 6 do Regulamento de 7 de xuño de 1995, dos xuíces de paz, que atribúen a competencia para a elección destes cargos ao Pleno municipal, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

PROPONSE:

Primeiro.- A elección de Don Carlos Daniel Irigoyen Pampin como xuíz de paz titular do Concello de Culleredo, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

A continuación, a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes, fai unha presentación da proposta presentada.

Non habendo intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Sra. alcaldesa en funcións, de data 23 de xuño do ano 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Sra. alcaldesa en funcións de data 23 de xuño do ano 2022 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR EN RELACIÓN AO DESPREGUE DE FIBRA ÓPTICA NO CONCELLO DE CULLEREDO.

A continuación, antes de pasar ao debate e votación da moción presentada polo grupo político popular en relación ao despregue de fibra óptica no Concello de Culleredo, intervén o Sr. alcalde-presidente e di que hai un acordo de todos os grupos que conforman a Corporación municipal relativo a elaborar unha moción institucional que substitúa ás mocions presentadas polo grupo político popular e o grupo político do BNG sobre o despregue de fibra óptica incluídas na orde do día da sesión que se está a celebrar como puntos número 3 e número 5, e propón que se retiren da orde do día as dúas mocions referidas e se someta como asunto urxente a moción institucional asinada polos/as voceiros/as dos distintos grupos políticos que conforman a Corporación.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de retirar da orde do día a moción do grupo político popular, de data 25 de xuño de 2022, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político popular, de data 25 de xuño de 2022, retírase da orde do día.

A continuación, a Presidencia, de conformidade co artigo 79.4 do ROM en relación co 85.5 do citado texto, somete a aprobación do Pleno, por razóns de urxencia, a moción institucional asinada polos/as voceiros/as dos distintos grupos políticos que conforman a Corporación, relativa ao despregue de fibra óptica no Concello de Culleredo.

Sometida a votación ordinaria a declaración de urxencia e a procedencia do debate, resulta aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, o Sr. secretario xeral accidental, a solicitude da Presidencia, procede á lectura do texto da moción institucional, que transcrita literalmente di:

“MOCIÓN INSTITUCIONAL DESPREGAMENTO DA FIBRA ÓPTICA RURAL EN CULLEREDO.

Os grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, PARTIDO POPULAR E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO trala reunión mantida coa veciñanza de “Somos Rural” acordan a seguinte Moción Institucional

Que o rural de Culleredo ten carencias importantes en canto á rede de fibra óptica para un acceso á rede de calidade. É tal a carencia que ata o alumnado do CEIP de Tarrío levou ao pleno infantil unha proposta para que se despregara unha rede de fibra pola zona rural. Están cansos de que os compañeiros que alí viven non puideran seguir as clases por videoconferencia.

Este é un gran atranco nun mundo que vai cara á dixitalización de case todas as xestións. Estamos sen servizos e sen posibilidade de acceder a eles vía telemática dun xeito fácil e efectivo. O alumnado estivo e segue estando con clases por videoconferencia sen posibilidade dun seguemento cun mínimo de calidade, e isto supuso e segue supoñendo un retraso na súa formación e por tanto nas oportunidades para o seu futuro.

Que o gasto anual que ten o Concello de Culleredo en teléfono, preto de 100.000€, representa unha cantidade considerable para negociar coas operadoras un contrato que vincule a prestación do servizo coa instalación da rede de fibra óptica no rural.

Que a lei de contratación pública abre oportunidades neste sentido, xa que di que os poderes públicos "...empreguen a contratación en apoio de obxectivos sociais comúns" e esixe "...que se incorporen ás condicións dos contratos os criterios sociais...". Así, eliminar a fenda dixital é claramente un criterio social.

Que en Culleredo existe a posibilidade de facer propostas á institución municipal por iniciativa veciñal. A xente que asinamos este escrito propoñemos ao Concello de Culleredo, e demandamos que sexa debatido e aprobado polos grupos políticos municipais:

Solicitan:

- Que se inicie un expediente de exploración da posibilidade de contratación mediante licitación pública, previa emisión dos informes de viabilidade técnica, xurídica e económica que se apoartará a próxima Xunta de Voceiros para o seu estudo, para a contratación dos servizos telefónicos do Concello de Culleredo de xeito que se lle outorgue a aquela compañía que comprometa con todas as garantías e esixencias que deseñen e supervisen os funcionarios municipais:
 - Crear a rede de fibra óptica precisa para fornecer os lugares do Concello de Culleredo que non dispoñan dela.
 - Fornecedor dunha conexión de fibra para ter un punto de información e acceso a wifi a cada un dos centros sociais das parroquias e lugares."

C.I.F. P-1503100-H

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción, resultando aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE DELEGACIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE POLICÍAS LOCAIS NA AGASP.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/07/2004) e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data 26 de xuño de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión e que transcrita di o seguinte:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, Voceiro do Grupo Político Municipal BNG de Culleredo presenta para a deliberación no Pleno da Corporación e que se someta a votación, o acordo seguinte para a delegación do proceso selectivo de Policias locais na AGASP:

Exposición de Motivos

Na acta da sesión ordinaria realizada pola Xunta de Goberno Local do día 6 de Xuño de 2022, o punto 2 trataba de:

Proposta relativa á aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo e provisión de postos "Policía Local (4 acceso libre e 1 concurso)"

O proceso selectivo implica unhas probas de materia moi específica, incluídas probas físicas, e compoñer un tribunal presuponse que vai requirir unha dedicación de funcionarios que terán que prescindir de atender outras cuestións. Mesmo a realización de probas físicas precisarán de instalacións acaídas.

En Galiza contamos con unha Academia Galega de Seguridade Pública na que se poden delegar estes procesos selectivos, de forma que se proceda a ese proceso con persoal especializado e con instalacións acaídas para acometelo. Non facelo así sería un desperdicio de recursos económicos municipais, tanto financeiros como humanos. Así está establecido no convenio asinado pola FEGAM coa Xunta.

Dicía o presidente da FEGAMP no momento de asinar o convenio co Xunta: “Cubrir as vacantes da policía supón para moitos concellos, sobre todo os pequenos, un labor complexo que bloquea traballo diario da Secretaría. Os municipios que desexen poden delegar na AGASP para que se encargue de todo o proceso, desde as probas selectivas ata a formación”.

O goberno municipal presidido polo noso alcalde Sr. Rioboo, continuamente está poñendo de manifesto a insuficiencia de recursos humanos. Desperdiciar a oportunidade de usar un órgano de total fiabilidade, de probada solvencia nestes procesos e de nulo custo para o Concello sería un desperdicio de recursos.

Por todo o exposto, o BNG propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

1. Que se inicien, impulsen e finalicen os trámites necesarios para materializar un convenio coa Academia Galega de Seguridade Pública no marco do acordo da Xunta coa FEGAMP para delegar o proceso selectivo aprobado na Xunta de Goberno Local de 6 de Xuño, de forma que este proceso selectivo sexa realizado pola Academia Galega de Seguridade Pública.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro é disculpar a ausencia do seu compañeiro don Gonzalo Méndez Mosquera, que como ben indicou el mesmo, non pode acudir á sesión por atoparse de viaxe e, a continuación, procede á lectura da moción presentada.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que os membros do seu grupo poden votar a favor de aprobar a moción que se presenta neste punto da orde do día porque están de acordo co fondo da mesma e a propia Federación de municipios así o manifesta pero, para evitar quedar condicionados ás quendas que faga a Academia Galega de Seguridade, o grupo político do PSdeG-PSOE propón unha emenda porque ás veces a propia dinámica dos concellos e as necesidades que xurden ao longo do ano unha vez aprobada a oferta pública de emprego non coinciden coa axenda de exames que poida ter a propia Academia Galega de Seguridade; que o que pretende o goberno municipal é negociar este acordo para que, dunha forma trimestral ou semestral, cunha maior periodicidade, a Academia Galega poida facer os procesos selectivos dos policías locais das ofertas públicas de emprego que poida haber dos diferentes concellos referidas á dotación de prazas de policía local; que para que o Concello de Culleredo non se vexa condicionado no caso dunha necesidade real de incrementar a plantilla da Policía Local solicita se acepte a emenda no senso de supeditar a aprobación da moción a que desde a Academia Galega de Seguridade se faga máis dunha convocatoria anual do proceso selectivo de policías para non condicionar as datas do Concello ás datas da Academia Galega porque pola necesidade que neste momento ten o Concello de Culleredo de contratar policías non pode estar supeditada á oferta que faga a Academia Galega de Seguridade pois nese caso o goberno municipal non estaría a ser realista coas necesidades reais do Concello que se transmiten desde os departamentos que teñen responsabilidade niso.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que no momento en que os membros do seu grupo estiveron documentando a proposta lle parece recordar que na propia páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública se indica que dun total de 129 concellos, hai 89 que dispoñen de corpo de Policía Local, aos que se sumaron nun convenio posterior 6 máis; que se non recorda mal en Culleredo xa se iniciara a tramitación e entende que non se completou.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a razón de que non se completara a tramitación iniciada foi polo motivo que está a expoñer neste punto, porque as convocatorias da Academia Galega de Seguridade condicionan moito

as necesidades propias do Concello porque puidera haber un pequeno retraso na oferta pública de emprego ou un recurso por exemplo e a Academia esixe que toda a oferta pública estea en tempo e forma nun determinado prazo e calquera pequeno retraso obrigaría a ter que agardar á convocatoria do seguinte ano o que neste momento Culleredo non se pode permitir porque a situación non é que sexa necesario ir substituíndo un ou dous policías cada ano senón que de aquí ao 2024 o Concello de Culleredo ten que ter quince policías incorporados á plantilla, non podendo supeditar ao convenio proposto, que é vinculante durante un ano, dita oferta.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido di que, se non recorda mal, e di que non trae todo impreso pero que ten diante o acordo do 6 de xuño, as cinco prazas de policía eran relativas á OPE de 2019, 2020 e 2021, o que indica que o goberno municipal tivo tempo suficiente para facer o convenio que se propón e non agardar a que se xuntaran cinco prazas senón ir incluíndo unha ou dúas prazas do 2019 no proceso selectivo da Academia Galega de Seguridade Pública, e o mesmo as prazas do 2020 e do 2021, co que non se estaría durante estes tres anos con esas carencias de recursos humanos; di que non sabe se o calendario da Academia podería ser outro nin se fan unha soa convocatoria ou fan máis pero que si sabe que de 129 concellos, hai 95 aos que lles serve a actuación da Academia e lles é útil, vendo por exemplo fai pouco como o Concello de Carballo vén de resolver un proceso de cobertura de policías locais utilizando dito recurso, moito máis áxil que o feito desde unha administración como un concello mediano; di que nalgún momento haberá que empezar e que, á vista da velocidade á que teñen concluído os procesos selectivos en Culleredo, non entende por que hai que considerar máis rápido que o faga o propio Concello e non que se meta na quenda da Academia Galega de Seguridade, indicando que recoñece non saber como son os prazos pero que si se podería acomodar a parte resolutiva e non incluír a delegación do proceso selectivo aprobado na Xunta de Goberno Local de 6 de xuño pero si incluír as convocatorias posteriores pois como vén de dicir o Sr. alcalde, o convenio é vinculante durante un ano e se non se asina nalgún momento nunca será efectivo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación o Sr. alcalde-presidente di que ao goberno municipal lle parece importante a moción que se presenta neste punto da orde do día e que entende que o convenio que se asinara sería en todo caso para os procesos selectivos que se saquen a partir do vindeiro ano e que o equipo de goberno aprobaría a proposta sempre que recollera que a sinatura do convenio coa Academia Galega de Seguridade Pública estaría supeditada a saber que convocatorias realizará dita academia no vindeiro ano porque ao mellor vai máis lenta que se a fai o propio Concello porque puidera ser que no próximo mes de marzo Culleredo estivera a facer os exames para incorporar novos policías e eles ata agosto ou setembro do ano que vén non fan a convocatoria, propoñendo facer esa consulta e se entra dentro da previsión persoal do Concello de Culleredo abordalo na xunta de voceiros ou noutra reunión para determinar se Culleredo pode encaixar perfectamente na convocatoria do ano que vén da Academia ou se esta se realizaría moi tarde para as necesidades reais do Concello, e invita á Sra. concelleira de Seguridade Cidadá a dar a súa opinión sobre este tema.

Intervén a Sra. Figueroa Fuentes, concelleira de Seguridade Cidadá, e di que subscribe totalmente o dito polo Sr. alcalde porque a OPE que se saca neste momento xa conta coas bases publicadas e co expediente iniciado polo que xa pode dicir que ao longo deste ano estarán e os prazos da AGASP para presentar as OPEs rematan no mes de xaneiro de cada ano polo que de presentar a OPE aprobada na Xunta de Goberno do 6 de xuño non entraría na AGASP ata xaneiro do ano 2023 para poder realizar o proceso de selección e Culleredo disporía dos policías locais a finais dese ano cando é posible, seguindo co proceso municipal, contar con eles a finais do 2022; di que a Academia fai varios cursos ao longo do ano pero que habería que ver o calendario porque pensa que só fan un proceso selectivo polo que é importante saber se se poderían facer convocatorias semestrais ou trimestrais para darlle a Culleredo a axilidade que neste momento precisa a plantilla da Policía Local.

A continuación o Sr. alcalde-presidente lle pregunta ao voceiro do grupo político do BNG se acepta a emenda proposta polo PSdeG-PSOE e supeditar ao calendario do ano que vén a inclusión de Culleredo na Academia Galega de Seguridade.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido di que o grupo político do BNG si acepta a emenda proposta polo grupo socialista polo que a parte dispositiva do acordo quedaría redactado da seguinte forma:

“1. Que se inicien, impulsen e finalicen os trámites necesarios para materializar un convenio coa Academia Galega de Seguridade Pública no marco do acordo da Xunta coa FEGAMP.

2.- Que na próxima Xunta de Voceiros se rinda conta do calendario da Academia Galega de Seguridade Pública e considerar se sería posible incluír a oferta aprobada na Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño de 2022.”

O Sr. alcalde-presidente intervéñ e di que non se está a falar da convocatoria da OPE aprobada na Xunta de Goberno Local de 6 de xuño senón de futuras convocatorias.

O Sr. Chouciño Garrido di que se inclúe como un condicional “se sería posible incluír a oferta aprobada na Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño de 2022”.

O Sr. alcalde-presidente di que a convocatoria aprobada na Xunta de Goberno referida vaise facer xa co tribunal do Concello de Culleredo e que o que propón é asinar o convenio para o ano 2023, preguntándolle ao voceiro do grupo político do BNG se acepta a emenda que propón ou non.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que non, que non se acepta porque a moción que presenta o BNG mellora o proposto polo grupo socialista.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 26 de xuño de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: dez (10), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Abstencións: tres (3), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político do BNG resulta non aprobada.

C.I.F. P-1503100-H

5. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG EN RELACIÓN COA PLENA COBERTURA DE FIBRA ÓPTICA NO RURAL DE CULLEREDO.

De conformidade co acordado por todos os grupos municipais, esta moción retírase da orde do día.

6. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellaría delegadas, que comprenden un total de 385 resolucións numeradas da 811 a 1196 do ano 2022, que se relacionan deseguido:

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
811	21/04/2022	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do 22-04-2022.	
812	21/04/2022	Declaración C.G.B. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0164) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
813	21/04/2022	Declaración L.M.V. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0117) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
814	21/04/2022	Declaración R.L.B. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0118) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
815	21/04/2022	Finalización expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0119, iniciado contra D.B.V., tras o pagamento da multa imposta.	
816	21/04/2022	Concesión a F.J.C.G. dunha axuda económica para o pago dos recibos de auga por importe 347,74€ correspondente ao 2º trimestre de 2020 (58,79€), 3º trimestre de 2020 (58,79€) e máis.	
817	21/04/2022	Corrección erros na resolución de inicio do procedemento sancionador por infraccións en materia de saúde pública, expediente SCOVID/CULLEREDO/0284 iniciado contra J.G.A.	
818	21/04/2022	Aprobación da devolución da fianza constituída por KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA SL por importe de 712,32€ en concepto de garantía definitiva do contrato: "Suministro de equipamiento del centro cívico "Virginia Blanco"".	
819	21/04/2022	Autorización, disposición e recoñecemento dunha obriga por importe de 70,66€ en concepto de franquía correspondente ao pago de costas, MAPFRE ESPAÑA deberá abonar a diferenza ata os 242€, é dicir 171,34€. (PA 257/2021-M).	
820	21/04/2022	Declaración I.J.R.B. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0120) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
821	21/04/2022	Declaración J.Q. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0121) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
822	21/04/2022	Declaración J.E.P.S. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0122) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
823	21/04/2022	Declaración A.R.S. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0124) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
824	21/04/2022	Concesión a L.J.V.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.152,30€	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
825	21/04/2022	Declaración J.C.F.V. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0125) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
826	21/04/2022	Finalización expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0126, iniciado contra J.F.C., tras o pagamento da multa imposta.	
827	21/04/2022	Declaración A.R.L. responsable da comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0128) e imposición dunha sanción de multa de 100€	
828	21/04/2022	Declaración A.O.A. responsable comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0129) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
829	21/04/2022	Declaración C.M.S.A. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0132) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
830	21/04/2022	Finalización expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0133, iniciado contra D.B.V., tras o pagamento da multa imposta.	
831	21/04/2022	Declaración P.E.S. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0137) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
832	22/04/2022	Acceso ao solicitado por A.M.S., en representación J.R.P.R. (expediente disciplinario), e remisión copia das actuacións existentes ao día da data que constan nos expedientes UAL/2022/26, UPO/2022/50 e UGT/2022/7 anonimizando os datos persoais que figuren.	
833	22/04/2022	Declaración A.M.V.S. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0138) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
834	22/04/2022	Declaración M.V.C. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0144) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
835	22/04/2022	Declaración G.D.P. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0165) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
836	22/04/2022	Declaración FORUM CELTICUM SL responsable da comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0167) e imposición sanción multa 200€.	
837	22/04/2022	Declaración L.M.V. responsable da comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0169) e imposición sanción multa 200€.	
838	22/04/2022	Declaración I.E.S. responsable da comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0172) e imposición dunha sanción de multa de 200€	
839	22/04/2022	Declaración G.E.Y.H. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0140) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
840	22/04/2022	Declaración J.E. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0141) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
841	22/04/2022	Declaración R.A.M. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0142) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
842	22/04/2022	Declaración M.F.C.P. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0177) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
843	22/04/2022	Declaración J.A.F.S. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0143) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
844	22/04/2022	Finalización expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0163, iniciado contra C.U.B., tras o pagamento da multa imposta.	
845	22/04/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/65 por un importe total de 6.677,54€.	
846	22/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación dos pagos (C.P. EDIFICIO MIRADOR-89,60€ e máis).	
847	22/04/2022	Aprobación do Padrón Fiscal da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, correspondente ao exercicio 2022, que consta de 41 recibos por un importe total de 18.083,45€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
848	22/04/2022	Aprobación do Padrón Fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública correspondente ao exercicio 2022, que consta de 279 recibos por un importe total de 178.074,55€.	
849	22/04/2022	Aprobación liquidación correspondente á alta no Padrón Fiscal da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública (modalidade reserva permanente as 24 horas) ano 2022. Contribuínte: V.M.N.C. na Av. Vilaboa.	
850	22/04/2022	Concesión a L.R.A.C. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos) e do Xantar na casa para cinco días á semana.	
851	22/04/2022	Concesión a T.J.P. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
852	22/04/2022	Baixa de J.P.M. e J.P.L. no servizo municipal de Axuda no fogar e no Xantar na casa.	
853	22/04/2022	Concesión a M.L.T.L. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.	
854	22/04/2022	Concesión a M.M.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade, cunha vixencia de 10 anos.	
855	22/04/2022	Concesión a L.E.P.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
856	22/04/2022	Concesión a D.C.V. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.129€.	
857	22/04/2022	Concesión a B.G.L. dunha axuda económica para o pago de fianza e alugueiro por importe de 1.158€.	
858	22/04/2022	Concesión a B.L.M. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
859	22/04/2022	Concesión a A.K.M. dunha axuda económica para o pago de fianza e recibos de alugueiro por importe de 1.158€.	
860	22/04/2022	Concesión a B.B.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 623,23€, concesión dunha axuda económica para o pago do recibo de auga por importe de 172,19€ e máis recibos.	
861	22/04/2022	Concesión a Y.Y.M.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
862	22/04/2022	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico, expediente 3097/2022 e máis.	
863	22/04/2022	Aprobación dun expediente de xeración de crédito por importe de 42.856,29€ para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais durante o exercicio 2022 (PEL-Concellos).	
864	22/04/2022	Declaración deserta praza traballador/a social convocada e polo tanto declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social. Consta dilixencia secretaria.	
865	22/04/2022	Aprobación dos recibos de liquidación de cotizacións da Seguridade Social do mes de marzo de 2022. Consta dilixencia secretaria.	
866	22/04/2022	Recoñecemento da obriga de ordenación do pago da factura Operación 220220003563, por importe de 67,00€.	
867	22/04/2022	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220220003564, por importe de 1.683,46€.	
868	22/04/2022	Declaración C.H.R. responsable da comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0130) e imposición sanción multa 100€.	
869	22/04/2022	Declaración M.R.G. responsable da comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0131) e imposición sanción multa 100€.	
870	22/04/2022	Declaración M.A.L.B. responsable da comisión dunha infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0171) e imposición sanción multa 200€.	
871	22/04/2022	Declaración A.M.E. responsable da comisión dunha infracción leve por non utilizar a máscara obrigatoria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0139) e imposición dunha sanción de multa de 100€.	
872	22/04/2022	Declaración VAI LAVAR OS PRATOS SLL responsable comisión infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0166) e imposición sanción multa 200€.	
873	22/04/2022	Declaración CERVECERIA XENTES, RARESDOVA SL. responsable comisión infracción leve por simple negligencia dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na normativa sanitaria. (Expte. sancionador SCOVID/CULLEREDO/0168) e imposición multa 200€	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
874	22/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/67, por un importe total de 8.507,30€.	
875	22/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/66, por un importe total de 273.995,45€.	
876	22/04/2022	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25-04-2022.	
877	22/04/2022	Finalización expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO/0178, iniciado contra H.V.M., tras o pagamento da multa imposta.	
878	22/04/2022	Solicitude de participación na convocatoria do programa de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2022 por un importe de 32.388€.	
879	22/04/2022	Outorgamento a A.C.D. NOSA SEÑORA-SAN OUTELO autorización demanial para a ocupación do dominio público local no lugar de Celas de Peiro durante o día 24 de abril de 2022.	
880	25/04/2022	Aprobación do expediente para a contratación do servizo denominado "Campamentos urbáns de verán 2022 e nadal curso 2022-23".	
881	25/04/2022	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, a partir do día da data e ata a reincorporación do Sr. alcalde.	
882	25/04/2022	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 28-04-2022.	
883	26/04/2022	Aceptación da cesión que fan M.S.M. e S.M.P.R. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 123,32 m2 para o seu destino a viario público.	
884	26/04/2022	Apertura do prazo, do 27 de abril ao 20 de maio de 2022, ambos os dous incluídos, para a presentación de solicitudes de participación na Campaña de Campamentos de Verán, organizada pola Deputación Provincial da Coruña.	
885	26/04/2022	Aprobación das nóminas dos empregados públicos correspondentes ao mes de abril de 2022 e o gasto correspondente, agás a da empregada R.S.T. Consta dilixencia secretaria.	
886	26/04/2022	Aprobación da nómina da empregada R.S.T. correspondente ao mes de abril de 2022. Consta dilixencia secretaria.	
887	27/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/69, por un importe total de 4.591,92€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
888	27/04/2022	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 28-04-2022.	
889	28/04/2022	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2022 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a M.C.S.B.L.	
890	28/04/2022	Aprobación da devolución a GRUAS EIRIZ SA do ingreso indevido por importe de 111,30€ en concepto de taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial dominio público local.	
891	28/04/2022	Aprobación da devolución a M.L.L.Q. do ingreso indevido por importe de 101,41€, por exceder a cantidade ingresada á cuota do imposto sobre construcións, instalacións e obras correspondente ao expediente UAU/2021/658.	
892	28/04/2022	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico, expediente 3661/2022 e máis.	
893	28/04/2022	Aprobación do padrón/matricula do prezo público por ensinanzas do Conservatorio de música municipal correspondente ao mes de febreiro de 2022, por un importe total de 13.287,68€.	
894	28/04/2022	Aprobación do padrón/matricula do Prezo público por ensinanzas do Conservatorio de música municipal correspondente ao mes de xaneiro de 2022, por un importe total de 13.359,62€.	
895	28/04/2022	Aprobación padróns/matriculas Prezo público prestacións apoio autonomía persoal e atención dependencia (PAAD), en concreto, polo servizo de axuda no fogar por libre concorrencia e para persoas con grao recoñecido de dependencia meses xullo e agosto 2021.	
1134	10/06/2022	Desestimación alegacións E.M.D., declarar probado incumprimento obrigas e imposición sancións, declarar non probado incorremento falta grave por abandono servizo, declarar probado incumprimento tarefas encomendadas e apertura expediente disciplinario.	
1135	10/06/2022	Aprobación da lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a formación dunha lista de substitución de arquitecto/a (persoal funcionario interino) polo sistema de concurso de méritos.	
1136	10/06/2022	Concesión a M.J.C.V. dun anticipo salarial	
1137	10/06/2022	Concesión a F.J.F.G. da licenza municipal de obras para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada no Lugar de Barrio, parroquia de Sueiro.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
1138	10/06/2022	Aprobación do padrón/matricula do Prezo público por ensinanzas do Conservatorio de música municipal correspondentes aos meses de marzo e abril de 2022.	
1139	10/06/2022	Concesión a M.M.A.C. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	
1140	10/06/2022	Concesión a C.J.C. e J.B.C. do Xantar na casa para os sete días da semana.	
1141	13/06/2022	Autorización a M.C.M.M., C.M.F.R., J.L.V.M. e M.M.B. á prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo 1 día a semana e polo prazo de 3 meses, renovable.	
1142	13/06/2022	Autorización a M.D.V.A. e S.P.F.R. á prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo 1 día a semana e polo prazo de 3 meses, renovable.	
1143	13/06/2022	Autorización a M.D.A.P., J.C.G.R., B.G.P e A.A.V. á prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo 1 día a semana e polo prazo de 3 meses, renovable.	
1144	13/06/2022	Autorización a B.I.S. á prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo 1 día a semana e polo prazo de 3 meses, renovable.	
1145	13/06/2022	Autorización a M.E.F.P. e M.J.S.P. á prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo 1 día a semana e polo prazo de 3 meses, renovable.	
1146	13/06/2022	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 176 a A.L.R.B.	
1147	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.A.P.	
1148	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.G.P.N.	
1149	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.N.B.F.	
1150	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.R.B.	
1151	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.L.M.F.	
1152	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.R.C. e M.A.M.P.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
1153	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.C.A.E.	
1154	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de L.P.C.	
1155	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.F.C.	
1156	13/06/2022	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de N.G.B.	
1157	13/06/2022	Concesión a M.J.R.G.O. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos) e concesión a J.M.R.R. do servizo municipal axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos)	
1158	14/06/2022	Denegación a C.M.G. do servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
1159	14/06/2022	Concesión a L.C.V. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1160	14/06/2022	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 15-06-2022.	
1161	14/06/2022	Concesión a L.M.P.M. do servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
1162	14/06/2022	Inicio expediente execución subsidiaria para limpeza, tala e roza terreos referencia catastral 15031A04900285 para mantelo debidas condicións de seguridade/salubridade. Aprobación liquidación provisional gastos 623,38€ e requirir ingreso a A.M.R. e M.D.B.	
1163	15/06/2022	Concesión a J.M.R.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1164	15/06/2022	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico (expediente 1625/2022 e máis).	
1165	15/06/2022	Autorización a R.H.A. a realizar a súa xornada de traballo na quenda de mañá, desde o 4 ao 22 de xullo de 2022 (ambos os dous incluídos) e desde o 22 de agosto ao 1 de setembro de 2022 (ambos os dous incluídos).	
1166	15/06/2022	Autorización a M.C.A.P. da prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo 1 día á semana e polo prazo de 3 meses, renovable.	
1167	15/06/2022	Autorización a M.J.C.C. a realizar a súa xornada de traballo na quenda de mañá, desde o 4 de xullo ao 2 de agosto de 2022 (ambos inclusive).	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
1168	16/06/2022	Delegación na concelleira D. ^a Jéssica Méndez Sánchez do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre N.P.V. e A.T.N. o 17-06-2022 ás 19.00 horas.	
1169	16/06/2022	Concesión a A.L.C. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela situada na rúa Victoria Kent.	
1170	16/06/2022	Aprobación da devolución do aval depositado a E.I.R.P. por importe de 600€ polo concepto de "Fianza para responder de posibles danos na urbanización existente, expt. de licenza de obras 25/2003".	
1171	16/06/2022	Concesión a M.D.M.G. e T.M.O.S. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Polvorín, parroquia de Culleredo.	
1172	16/06/2022	Concesión a L.M.N.F. da licenza para as modificacións que se introducen no modificado do proxecto básico e de execución da vivenda situada na rúa Anchouza, parroquia de Rutis	
1173	17/06/2022	Aprobación da lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a de urbanismo de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira.	
1174	17/06/2022	Concesión a E.P.D. da licenza de primeira ocupación da ampliación e reforma da edificación principal dun centro que se destina a residencia de anciáns, situado no lugar de Celas de Peiro, parroquia de Celas.	
1175	17/06/2022	Corrección erros detectados na resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 10-06-2022.	
1176	17/06/2022	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20-06-2022.	
1177	17/06/2022	Concesión a X.F.V.V. da licenza municipal de obras para a execución de escaleiras de acceso exteriores e aproveitamento de espazo existente no soto como rocho, nunha parcela situada no lugar de Orro, parcela de Orro.	
1178	17/06/2022	Posta en marcha da convocatoria de solicitude e adxudicación de prazas na actividade da Coral de Adultos do Conservatorio Municipal de Música para o curso 2022/23.	
1179	17/06/2022	Corrección do erro detectado na resolución núm. 1141/2022 do 13 de xuño.	
1180	20/06/2022	Restablecemento da xornada laboral de S.P.V. á xornada completa e ás súas correspondentes retribucións a partir do 21-06-2022.	
1181	20/06/2022	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 178 a A.M.M.F.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-06-2022
1182	20/06/2022	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 177 a P.G.H.	
1183	20/06/2022	Concesión a M.M.A.C. do servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
1184	20/06/2022	Concesión a J.A.P.L. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1185	20/06/2022	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por L.M.P.M.	
1186	20/06/2022	Levantamento reparo Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/80, por un importe total de 82.049,26€.	
1187	20/06/2022	Delegación especial concelleira delegada Área de Política Social e Promoción do Deporte, D. ^a M ^a Guadalupe Pombo Carril, para a asistencia á xuntanza da Asemblea xeral do Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar na sala virtual o 22-06-2022.	
1188	21/06/2022	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de maio de 2022 por un importe total de 10.950€.	
1189	21/06/2022	Orde pagamento facturas relativas a gastos derivados do cadaleito, traslado e sepelio dos finados J.L.G.L. e J.M.P.S.	
1190	21/06/2022	Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga Operación 220220005380, por importe total de 361,60€.	
1191	21/06/2022	Autorización a M.J.C.V., M.C.C.M., G.M.A., M.T.E.L., M.L.R.D., M.T.M.C., M.B.M.G., D.N.R., M.D.P.Y., A.V.S., S.G.U, D.N.O. e F.U.T. da prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo 1 día á semana, polo prazo de 3 meses, renovable.	
1192	21/06/2022	Imposición sanción tráfico expediente 3321/2022.	
1193	21/06/2022	Imposición sanción tráfico expediente 3687/2022.	
1194	21/06/2022	Aprobación dos recibos de liquidación de cotizacións da seguridade social do mes de abril de 2022.	
1195	21/06/2022	Aprobación das nóminas dos empregados públicos do Concello correspondentes á paga extra de verán 2022 e o gasto correspondente. Importe neto 280.659,29€.	
1196	21/06/2022	Aprobación do recibo de reclamación de débeda, importe total a ingresar 42,55€.	

7. DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 25 DE ABRIL DE 2022 SOBRE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN DE ARQUITECTO/A (PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO).

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 25 de abril de 2022 sobre convocatoria e bases específicas da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de substitución de arquitecto/a (persoal funcionario interino).

8.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 25 DE ABRIL DE 2022 SOBRE MODIFICACIÓN DO APARTADO PRIMEIRO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11 DE ABRIL DE 2022 RELATIVO A APROBACIÓN INICIAL POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DO "PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NUN ÁMBITO DE SOLO RÚSTICO NO LUGAR DE RUMBO.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 25 de abril de 2022 sobre modificación do apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de abril de 2022 relativo a aprobación inicial por silencio administrativo do "Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo".

C.I.F. P-1503100-H

9.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 4 DE MAIO DE 2022 SOBRE RECTIFICACIÓN DO APARTADO PRIMEIRO DA PARTE DISPOSITIVA DO ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 25 DE ABRIL DE 2022 EN RELACIÓN COA APROBACIÓN INICIAL POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NUN ÁMBITO DE SOLO RÚSTICO NO LUGAR DE RUMBO.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión 4 de maio de 2022 sobre rectificación do apartado primeiro da parte dispositiva do acordo adoptado en sesión de data 25 de abril de 2022 en relación coa aprobación inicial por silencio administrativo do plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo.

10.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 DE MAIO DE 2022 SOBRE MODIFICACIÓN DA OPE DO ANO 2022.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 23 de maio de 2022 sobre modificación da OPE do ano 2020, indicando o Sr. Secretario xeral accidental que na orde do día denomínase o punto facendo referencia á modificación da OPE do ano 2022 por un erro que se arrastra da propia certificación do acordo da Xunta de Goberno Local pois no seu primeiro parágrafo recolle que a proposta que se presenta é relativa á modificación da OPE do ano 2022 cando a proposta que se aproba modifica a OPE do 2020.

O Sr. Secretario xeral accidental comunica que na próxima Xunta de Goberno Local levarase a oportuna corrección dese erro.

11.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 2 DE XUÑO DE 2022 SOBRE MODIFICACIÓN DA APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA

PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A DE TURISMO (APROBADAS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15 DE MARZO DE 2022).

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 2 de xuño de 2022 sobre modificación da aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/ha técnico/a de turismo (aprobadas na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2022).

12.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 2 DE XUÑO DE 2022 SOBRE CORRECCIÓN DUN ERRO MATERIAL NA APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2021.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 2 de xuño de 2022 sobre corrección dun erro material na aprobación da oferta de emprego público para o ano 2021.

13.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 DE XUÑO DE 2022 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO E PROVISIÓN DE POSTOS "POLICÍA LOCAL (4 ACCESO LIBRE E 1 CONCURSO).

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 6 de xuño de 2022 sobre aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo e provisión de postos "Policía local (4 acceso libre e 1 concurso)".

14.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 DE XUÑO DE 2022 SOBRE APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA CENTRO DOCENTE NA RIBEIRA-SÉSAMO.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 6 de xuño de 2022 sobre aprobación provisional do plan especial de dotacións para centro docente na Ribeira-Sésamo.

15.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 DE XUÑO DE 2022 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO "TÉCNICA/O ADMINISTRACIÓN XERAL (ACCESO LIBRE)"

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 15 de xuño de 2022 sobre aprobación da convocatoria e das bases específicas da convocatoria do proceso selectivo "Técnica/o administración xeral (acceso libre)".

16.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 DE XUÑO DE 2022 SOBRE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 5 PERSOAS (PEÓNS) QUE SE INTEGRARÁN NO SERVIZO DENOMINADO "CULLEREDO SOCIAL IX"

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 15 de xuño de 2022 sobre contratación laboral temporal de 5 persoas (peóns) que se integrarán no servizo denominado "Culleredo Social IX".

C.I.F. P-1503100-H

17.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 20/04/2022 (código de documento UIT16I009M)
- Informe de data 20/04/2022 (código de documento UIT16I009L)
- Informe de data 28/03/2022 (código de documento UIT16I007I)
- Informe de data 20/04/2022 (código de documento UIT16I009N)
- Informe de data 20/04/2022 (código de documento UIT16I009G)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I007Z)
- Informe de data 20/04/2022 (código de documento UIT16I009F)
- Informe de data 20/04/2022 (código de documento UIT16I009J)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I0080)
- Informe de data 20/06/2022 (código de documento UIT16I00B7)

C.I.F. P-1503100-H

18.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 883, de data 26 de abril de 2022, de aceptación da cesión dunha superficie de 123,32 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Laxe, parroquia de Rutis, formalizada en escritura pública outorgada o 3 de agosto de 2021 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Raúl Muñoz Mestre, co número 7510 do seu protocolo.

19.- MOCIÓNS URXENTES

A Presidencia indica que neste punto é no que correspondería tratar a moción institucional tratada no punto número 3 da orde do día, indicando que se tratou neste punto por mor da retirada das dúas mocións presentadas no mesmo senso, unha do grupo político popular (no punto número 3 da orde do día) e outra do BNG (no punto número 5).

20.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que quere comentar que se puxeron en contacto co seu grupo político veciños da zona de Pablo Picasso do Burgo pois parece que se van realizar alí uns chalets e un supermercado e solicitan se lles dea información ao respecto.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que efectivamente nesa zona está prevista a construción dun supermercado e se está pendente de que se redacten todos os proxectos e se comprobe se o solo no que se pretende ubicar é

compatible nos seus usos con dita explotación; que respecto dos chalets de momento non se presentou nada en concreto.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se hai uns meses pareceu que se alinearán os astros para que viñeran na orde do día múltiples cuestións que deixaban en evidencia como se fai a tramitación de Persoal en Culleredo, hoxe hai múltiples cuestións que amosan como está Culleredo en materia de Urbanismo; que no punto 6, relativo a resolucións da Alcaldía, vese que hai algunhas licenzas de obra; que se puido ver un comunicado do Sr. alcalde na prensa comunicando que neste tempo saíran adiante moitas licenzas e se pode ver efectivamente que saíron varias licenzas de obra que en principio, alegrarían a todos pero, polo que lle tiñan dito sempre que preguntaron, parece que había un problema para que se incluíran os informes xurídicos por unha carencia de persoal no departamento de Urbanismo, en particular a técnica xurídica nese departamento, téndolles indicado tamén que antes de causar baixa por falecemento hai máis de dez anos, era a persoa que levaba tamén disciplina urbanística; di que dita praza segue vacante e que agora os membros do seu grupo ven que en case todas as licenzas resoltas, que non son todas as pendentes, e di que non saben os criterios para a prelación na resolución, hai unha anotación na secuencia do expediente incluíndo sempre un parágrafo da Secretaría municipal que alude a que "o expediente examinado non se atopa concluso, xa que non consta no expediente a preceptiva proposta de resolución conforme dispón o artigo 175 do ROF", engadindo máis adiante que consta informe técnico no que se recolle que "non existe inconveniente en ditar resolución favorable", o que lle sorprende porque ao consultar o que di o artigo 175 do ROF, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, di que "os informes para resolver se realizarán en forma de proposta de resolución e conterán os extremos seguintes:

- a) Enumeración clara e sucinta dos feitos
- b) Disposicións legais aplicables e alegación razoada da doutrina e
- c) Pronunciamentos que haxa de conter a parte dispositiva"

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que a verdade é que non están familiarizados con estas cousas polo que os leva a confusión pero que, vendo outra das resolucións, os membros do seu grupo caen na conta de que non se está a facer o procedemento habitual, recorréndose a un eufemismo para dicir que a cousa non está como debera e que a concelleira está a asinar licenzas que non se axustan a Dereito, e pon como exemplo a resolución número 1078, na que se concede unha licenza na que si se emite unha proposta pola asesoría xurídica recollendo cada un deses apartados do artigo 175 e pregunta por que antes se facían ben e agora aparentemente se fan mal, parecendo un "vai facendo pero con papeis"; di que no BNG se preguntan cal é a diferenza e se pode ser que aquí é o Concello, o goberno municipal, o que asume o risco de que as cousas non vaian ben pois agora ditas obras teñen licenza e se nun futuro hai erros que leven a rectificacións ou mesmo derribos, a responsabilidade sería da institución municipal de Culleredo que lle deu licenza; di que a comarca conta con exemplos recentes nos que as administracións teñen que pagar por ter emitido licenzas non acordes a Dereito e lembra como exemplos o edificio Conde de Fenosa na Coruña ou o edificio de San Roque tamén na Coruña; di que hai que ter moito ollo co que se está a facer porque efectivamente hai que resolver os problemas do retraso das licenzas pero que hai que facelo con garantías e parece que non se está a facer así; di que na orde do día da sesión que se está a celebrar hai varias cuestións de índole urbanística e cada unha coa súa gralla, moi importante desde o seu punto de vista, e di que vai detallar un a un o que parece un Urbanismo pret a porter, pois no punto número 8 dáse conta dun acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local relativo a un plan especial de infraestruturas e dotación nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo e o punto número 9 que rectifica dito acordo, aprobándose inicialmente despois dun contencioso administrativo que prospera porque se produciu un silencio administrativo por parte do goberno municipal, engadindo que ao seu modo de ver isto é unha gralla brutal, non entendendo que poida ir adiante un procedemento dun plan deste tipo por silencio administrativo; di que no punto número 14 dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño de 2022 sobre aprobación provisional do Plan especial de dotacións para centro docente na Ribeira-Sésamo no que non estudan e motivan as alegacións de veciños e colectivos, o que podería dar lugar á invalidez do procedemento, alegacións que facían referencia entre outras cousas a que este proxecto pretende desenvolverse sobre terreos que foron reheados sen licenza urbanística, con só unha autorización de Augas de Galicia, condición necesaria pero non suficiente e que non terían axustado ou realizado á autorización de augas porque según consta no que está publicado no boletín oficial da provincia da Deputación da Coruña, eran

39 de 42

para aproveitamento agrícola e calquera que se achegue por alí pode comprobar que se trata dun recheo de cascallo de obra, inválido obviamente para aproveitamento agrícola; di que a propia Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística, a APLU, respondeu ao BNG que “consultando o Plan Básico Autonómico, a maioría das parcelas onde se levan a cabo os movementos de terra atópanse na zona de policía de cauces do Río Valiñas, sen que estas irregularidades nunca foran inspeccionadas polo Concello, e pide que o rectifiquen se está equivocado, malia a posta en coñecemento dos responsables do goberno municipal, tanto por parte de veciños e colectivos como polo propio BNG de forma reiterada no pasado, pois o propio voceiro que fala solicitou acceso a todo o expediente dese proxecto, primeiro que se puxera a disposición da comisión informativa para o seu estudo, sempre por rexistro e coa debida antelación, e solicitáronno agora para velo no entorno do punto da orde do día, seguindo sen ter acceso a el e seguindo sen saber por que non hai motivación para rexeitar as alegacións.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, a maiores, hai unha obra de construción dunha gasoleira en Ledoño a carón do Río Valiñas, que está parada desde hai meses, e da que se avisa agora que pechou un camiño público, sendo todo silencio arredor dese proxecto e da súa suposto paralización; di que estas semanas atrás os membros do seu grupo tiveron a noticia do plan de reforma interior do Pazo dos Serrano en Vilaboa, sendo a primeira sorpresa ler no comunicado á prensa do goberno municipal que o alcalde levaba meses traballando coa promotora para desenvolver un proxecto que, neste caso, parece que lle esqueceu a inviabilidade por cuestións de protección patrimonial en xeral e en particular pola afección do Camiño de Santiago, que pasa por diante e que exerce protección a ese espazo; que a segunda sorpresa sobre o proxecto do pazo dos Serrano é ver que tanta euforia pretendía seguramente agochar a incapacidade do goberno municipal plasmada no documento que se somete a exposición pública na web da Consellería e procede a lectura dicindo “O 18.03.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Culleredo no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica do “Plan especial de reforma interior das unidades de actuación UA-58 e UA-59,”. Achegaba un borrador do plan e un documento ambiental estratéxico. O 21.03.2022 este órgano ambiental requiriu ao Concello que no prazo dun mes completase a documentación con informes dos servizos técnicos municipais e das empresas subministradoras (.../...). Transcorrido o prazo concedido sen ter recibido os informes solicitados ao goberno municipal, decídese iniciar a tramitación ambiental do devandito plan parcial” Di que non se emitiron ditos informes para unha tramitación que está a requirir a Consellería e que trata dun proxecto no que o alcalde di que leva meses traballando coa promotora; pide que o Sr. alcalde dea unha explicación e di que o grupo político do BNG ten solicitado por rexistro que se lle dea acceso aos convenios do Concello existentes coa propiedade dese espazo; di que o solicitou o 8 de maio, xa camiño de dous meses, e seguen agardando, preguntando a continuación se o goberno municipal presentou alegacións á tramitación ambiental dese proxecto.

Segue a dicir o Sr. Chouciño que hai outra cuestión máis cal é a unidade de actuación 16, que estes días está de actualidade polo xulgado, tanto por vía penal como porque foi anulada a xunta de compensación en vía contencioso-administrativa, pois ese é o lugar no que o Concello dicía que unha vez desenvolvida a unidade de actuación 16 levaría un aparcadoiro de 200 prazas para compensar o plan de humanización da avenida de Vilaboa, véndose agora que o Concello non podía dispoñer dese espazo, non entendendo que sabendo o goberno municipal da existencia da tramitación dun contencioso-administrativo, e estando atravesada dita unidade de actuación pola rúa Domingo Sierra, se puidera facer no seu día ocupar ese espazo para abrir unha rúa sen rematar a tramitación das unidades de actuación; di que son múltiples as cuestións en materia de Urbanismo que están de actualidade, sendo un desastre o urbanismo en Culleredo, que parece que se desenvolve a medida dos grandes promotores, non sabendo se a euforia na tramitación das licenzas da que falou ao principio, vendo esas lixeirizas, se vaia encamiñando á tramitación de licenzas para eses grandes propietarios porque hai un agravio comparativo con quen quere construír un fogar; di que o seu rogo é que se fagan as cousas ben, que se arranxe a área de Urbanismo, dotándoa do persoal suficiente.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o goberno municipal atende calquera rogo de mellorar a situación do Concello de Culleredo e engade que se está a traballar na mellora de dito departamento, aclarando que nin o alcalde nin ningún membro do equipo de goberno traballa con promotora ningunha e que simplemente hai solicitudes de información e se lles dá a información ao respecto, non tomando o goberno municipal decisións urbanísticas “ad hoc” senón que se toman cando se conta cos informes correspondentes, dando licenza unicamente cando hai un informe técnico favorable e un informe xurídico tamén favorable; di que o solo é propiedade do seu propietario e o equipo de goberno non o pode escoller; que haberá grandes promotoras, haberá fondos de investimento, haberá fondos bruite e haberá particulares, que son os propietarios do solo e se a Lei ampara a solicitude que se faga no Concello de Culleredo e os informes xurídicos e os informes técnicos son favorables son estes os que van

determinar a posibilidade de dar unha licenza, independentemente de que o goberno municipal poida negociar como se vai desenvolver algo.; di que o afán de calquera goberno municipal é mellorar e atenden o rogo do Sr. Chouciño porque efectivamente o departamento de Urbanismo está a tratar de incorporar un arquitecto e un asesor xurídico como saen na oferta de emprego, ademáis de facer convenios con outros concellos para que, namentres se agarda a realización da convocatoria, ir sacando licenzas como así se está a facer.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido e di que o Sr. alcalde vén de dicir que se ampara nos informes favorables cando el, na súa intervención anterior, puxo de manifesto unha cuestión que saíu adiante por silencio administrativo e outra cuestión que sae adiante cunha advertencia da Consellería respecto de que non se emitiron os informes que se requirían.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta ao Sr. Chouciño Garrido se é el o que fai os informes.

O Sr. Chouciño Garrido di que sae adiante unha cuestión por silencio administrativo.

O Sr. alcalde di que non é o alcalde o que fai os informes e que se algunha cuestión se aproba por silencio administrativo será porque o departamento no que se tiña que tramitar non o fixo en tempo e forma polo que ao mellor o que hai que facer é pedir responsabilidades nese sentido.

O Sr. Chouciño Garrido di que lle pide ao Sr. alcalde que lle deixe recordarlle que é o alcalde o máximo responsable da administración municipal e do seu funcionamento.

O Sr. alcalde di que non ten ningunha dúbida pero que el non fai informes.

O Sr. Chouciño Garrido insiste en que o Sr. alcalde é o máximo responsable da administración municipal.

O Sr. alcalde-presidente di que el ten iso clarísimo pero que el non fai informes, que o que fai é tomar decisións en base aos informes técnicos.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo político presentou este mes unha soicitude de peche do parque infantil da Corveira e que chamaron á Policía local para que procedera a efectualo, estando veciños da zona no momento en que chegou a Policía local e comentou que xa estaban cansos de comunicar ao Concello o mal estado no que se atopaban as láminas de metacrilato do parque cuberto, e di que aos membros do seu grupo lles sorprende moito que o goberno municipal, saben do mal estado desas láminas, instalaran alí a festa da Corveira porque podería ter pasado calquer accidente, custándolle tamén un imperio que o Concello apuntalara a casa da Corveira que estaba a punto de caer e da que caían cascotes á beirarrúa; di que a cuberta da que vén de falar non é a única que presenta problemas pois está tamén a cuberta das Brañas no solo, sabendo que hai informes técnicos que amosan que foi debido a unha mala execución do proxecto, ou o parque de Vilaboa, recepcionado con defectos que non se corrixiron, seguindo sen estar as canastas de baloncesto, borrándose no momento os xogos pintados e contando o tobogán cuns aneis por dentro que danan aos nenos, polo que os membros do grupo político popular lle piden ao goberno municipal que se tome moi en serio o tema de seguridade no Concello e que faga unha revisión do estado dos parques.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que atende o rogo feito polo grupo político popular e que, non obstante, as achegas que poidan facer os propios veciños serán moi ben recibidas e atendidas inmediatamente e que se o parque referido pola Sra. García Gorostizu segue aberto é porque a empresa responsable do mantemento de parques infantís considerou que a cuberta non revestía perigo.

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que as lamas estaban soltas.

O Sr. alcalde-presidente di que non existía perigo de que se foran a soltar e que iso é o que din os técnicos.

A Sra. García Gorostizu di que hai outro tema de seguridade viaria pois varios veciños lles solicitaron que se estudara se se pode instalar ou un paso de peóns ou algunha outra medida no cruce onde está a empresa Cefine na Corveira porque hai moita xente que cruza nesa zona para acudir a dito centro e ven dito cruce perigoso polo que solicitan se tome algunha medida de seguridade para solucionar dito problema; di que o seu grupo quere preguntar tamén polas beirarrúas de Liñares, pois hai un proxecto aprobado cre que no 2018 pero os veciños seguen

agardando pola súa execución; que xa sabe que este tema corresponde á Deputación provincial pero insta ao alcalde a que, como deputado provincial que tamén é, solicite que ese tema se axilice o máximo posible.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que, respecto ao paso de peóns que se solicita na zona da Corveira, hai un proxecto aprobado xa coa incorporación de crédito do pasado ano para realizar melloras na seguridade viaria de dito tramo e que no momento en que se licite se procederá á súa contratación; que de momento non se puido licitar porque require dun informe de Patrimonio da Xunta de Galicia, coa que xa se falou solicitando que se axilice este tema, e que unha vez a Xunta achegue dito informe procederase coa licitación porque o resto de informes necesarios xa constan favorables; que respecto das beirarrúas de Liñares di que desde o servizo de Contratación da Deputación provincial anuncian que durante o presente mes de xullo procederán á licitación das mesmas.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario xeral accidental, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H